

1. Unha breve historia do hipertexto.

As orixes de Internet. Da ARPANET á WWW.

Internet é hoxe un medio de comunicación que está implantado de cheo na nosa sociedade. Particulares, empresas e institucións sacan proveito dun ou outro xeito a esta poderosa ferramenta. Moitas persoas non poderían concibir hoxe en día a vida e mesmo as relacións sociais sen a presenza de internet nela. O caso é que Internet comezou a coller forza hai menos de quince anos.

Os primeiros pasos da rede de redes, proveñen dos anos posteriores á Segunda Guerra Mundial. O goberno dos Estados Unidos inverteu grande cantidade de fondos en proxectos de investigación que fornecesen materiais para contrarrestar posíbeis ataques, principalmente mellorando e axilizando o transvase de información. Pretendíase facer unha mellora nos sistemas de comunicación. Neste sentido, destaca a creación da ARPA, dependente do Departamento de Defensa no ano 1958.

A idea dunha rede de computadoras capaces de comunicar varios usuarios de lugares distintos parte de J.C.R. Licklider, membro de BBN e encargado das investigacións sobre mando e control dentro de ARPA. Licklider falaba en 1962 nunha serie de memorandos do MIT (*Massachusetts Institute of Technology*) dunha *Galactic Network* (Rede Galáctica), unha rede interconectada na cal usuarios de todo o mundo puidesen ter acceso a ficheiros e programas. Esta idea pasou a ter grande importancia na creación de Internet, xa que en esencia é o mesmo concepto.

Por outra banda, Paul Baran e o equipo de RAND Corporation traballaba nunha rede de comunicacións segura; Leonard Kleinrock do MIT presentaba na súa tese ideas sobre os conceptos de almacenaxe e envío, precursores dos sistemas de transmisión de paquetes de datos nos que se basea o actual protocolo TCP/IP; e

Donald Davies do NPL (*National Physical Laboratory*) en Inglaterra elaboraba un traballo sobre transmisión en soportes dixitais, a técnica de multiplexación⁴ no tempo, sen ter noticia das investigacións de Baran, que non coñeceu até o 1966, un ano despois de iniciar o seu traballo.

Todas estas investigacións acabaron por conformar a primeira rede de ordenadores interconectados. Xa que fixeron de nodos experimentais da ARPANET posto que os investigadores tiñan que estar en contacto.

O nacemento de ARPANET adoita datarse no ano 1969, cando se envía a primeira mensaxe. Pouco despois créase o primeiro enlace entre as universidades de UCLA (*University of California, Los Angeles*) e Stanford. Xa no 1970, cruza os EE.UU. conectando na costa este con BBN. No ano seguinte xa eran máis de vinte os ordenadores conectados á rede e no 1980 o número achegábase aos douscentos. A primeira demostración pública de ARPANET data de 1972. En 1983 ven a luz MILNET, rede con fins exclusivamente militares e ARPA-INTERNET adicada á investigación e baixo o control da NSF (*National Science Foundation*)⁵.

No 1972 aparece o correo electrónico, que facilita a transmisión de datos. Ao ano seguinte, o protocolo FTP (*File Transfer Protocol*) remata a súa implementación e será o que garde vixencia até a chegada do WWW.

O *World Wide Web* (WWW) ten a súa orixe no CERN (*Conseil Europeen pour la Recherche Nucleaire*), en Suíza. Nese centro había varios grupos de traballo de físicos espallados por toda Europa. Dúas eran as necesidades principais do centro: interconectar eses grupos de traballo sen necesidade de realizar reunións constantes e clasificar e archivar toda a documentación obtida de xeito eficaz e áxil. Estes foron os detonantes que permitiron a Tim Berners-Lee desenvolver a WWW.

No 1980, Berners-Lee propón ao CERN o programa ENQUIRE que xestionaba enlaces bidireccionais. Introducíase así unha tecnoloxía fundamental, o

hipertexto; ideada nos anos cincuenta por Ted Nelson. Aparecía así o elemento *Link* (enlace) e o multimedia.

O *World Wide Web* aparece por vez primeira nunha proposta⁶ de Berners-Lee e Robert Cailliau ao CERN en 1990. Nese mesmo ano e dentro da propia organización, crean o primeiro navegador e as primeiras páxinas web que describían o propio proxecto. Para isto empregaron os servidores do centro. A proposta de Berners-Lee conseguiu unir tecnoloxías existentes creando algo moi potente⁷.

No 1991 consolídase a WWW dentro do CERN e comeza a ser presentado a diversos grupos de investigadores. Instálase tamén o primeiro servidor externo, albergado en Stanford. O WWW ten a vantaxe de que xestiona enlaces unidireccionais polo que non é preciso unha acción por parte do outro lado da conexión para empregar un recurso. Outra das melloras deste sistema fronte a outros coma HyperCard é a súa condición de non-propietario, é dicir, que calquera pode ampliar e modificar o seu contido sen restricións de licencias.

Os primeiros navegadores web completamente gráficos prodúcese en 1992, coa aparición de *Erwise* e *Viola*.

Os estándares HTTP (*HyperText Transfer Protocol*)⁸, HTML (*HyperText Markup Language*) e XML (*Extensible Markup Language*) contribúen en grande medida ao funcionamento efectivo da rede e ao seu desenvolvemento. A incompatibilidade entre ordenadores é un dos maiores problemas, polo que neste proxecto pretendeuse evitar ese inconveniente mediante a creación de estándares. Todos eles foron desenvolvidos polo W3C que o propio Berners-Lee dirixe dende 2007.

Hoxe en día, o WWW é o sistema de documentos hipertextuais máis estendido e o seu crecemento é constante. O número de páxinas web e documentos aumenta a diario en cifras dificilmente calculábeis.

O hipertexto. Características e funcionalidades.

Referíame antes ás orixes de Internet, abordándoas dende un punto de vista técnico e sucinto, mais non hai que esquecer o papel fundamental doutras persoas que elaboraron teorías sen as que sería difícil a creación da rede tal e como a coñecemos hoxe en día. Coma calquera outra innovación, non partiu dunha soa idea, senón da suma de ideas e iniciativas durante aproximadamente cincuenta anos.

Sintetizando un pouco, un hipertexto é un conxunto de textos dixitais enlazados entre si mediante lexias ou hipervínculos creando así un texto enorme non lineal. Os enlaces poden remitirse a textos externos, outras páxinas; ou internos, dentro dun mesmo documento. Hipermedia é a expresión que designa aquela realidade hipertextual que engade outros elementos ao texto como poden ser sons, vídeos ou imaxes. Algúns teóricos non falan de hipermedia, senón que se refiren a estes formatos simplemente como multimedia.

O hipertexto é a peza chave do funcionamento e das múltiples aplicacións e utilidades que fornece a rede, xa que o sistema de enlaces é o que permite navegar polos distintos contidos de Internet. Son referencias cruzadas entre documentos mediante enlaces (*links*). Permite acceder á información de xeito rápido e cruzar datos e referencias de axilmente. É un concepto que está moi en relación cos de “nexo”, “nodo”, “rede”, “trama”, “traxecto” e “lexia” formulados por Roland Barthes e co termo “rizoma”, do que falaban Gilles Deleuze e Félix Guattari. O rizoma expresa unha estrutura textual sen organización xerárquica na que os elementos non están subordinados entre si, polo que se bifurcan até o infinito coma unha raíz. O xeito de relacionar eses elementos serían os *enlaces/lexias/nodos/links*. O hipertexto non é lineal, é interactivo e multisecuencial. O número de páxinas enlazadas pode tender ao infinito, aí radica o seu grande atractivo e tamén as dificultades de achega.

Michel Foucault tamén concibiu o texto coma unha rede. No libro *Archeology of Knowledge* afirma que "As fronteiras dun libro nunca están claramente definidas", posto que se atopa "atrapado nun sistema de referencias a outros libros, outros textos, outras frases: é un nodo dentro dunha rede intertextual de termos que se implican mutuamente, unha rede de referencias".

O termo "hipertexto" foi acuñado por Theodor H. Nelson en 1965 na súa obra *Literary Machines*. Ben é certo que o concepto xa fora presentado por Vannevar Bush vinte anos antes, como veremos máis adiante.

Nelson cando fala de "hipertexto" xa se refire a un tipo de texto electrónico, é dicir a unha tecnoloxía informática, mais tamén a un modo de edición textual, o HES (*Hypertext Editing System*), desenvolvido xunto con Andries van Dam na Brown University no ano 1967. No libro *Literary Machines* Nelson explica o hipertexto coas seguintes palabras: "Con *hipertexto*, refírome a unha escritura non secuencial, a un texto que bifurca, que permite que o lector elixa e que sexa lida mellor nunha pantalla interactiva. De acordo coa noción popular, trátase dunha serie de bloques de texto conectados entre si por nexos, que forman diferentes itinerarios para o usuario" (Landow, 1995:15).

Adoita considerarse que a difusión pública do hipertexto dáse por vez primeira en 1987, gracias ao programa HyperCard. Aínda así, xa fora empregado en ENQUIRE anos antes por Berners-Lee.

Os traballos de V. Bush, Ted Nelson e Douglas Engelbart veñen sendo citados como precursores do hipertexto. Gracias ás súas achegas a rede é hoxe unha ferramenta potente e todo o mundo pode clasificar documentos dun xeito doado e eficiente, coma os ficheiros dixitais dunha biblioteca ou a información das wikis.

- O Memex.

No ano 1945 aparecía na revista *The Atlantic Monthly* un artigo titulado *As we may think*, firmado por un enxeñeiro chamado Vannevar Bush. Nel mostrábase contrario aos sistemas existentes de clasificación de datos: “Pode que haxa millóns de grandes ideas, así como resumos das experiencias nas que se basean, todo elo arquivado en estruturas de pedra de aceptábel arquitectura; pero, se o estudoso só consegue acceder a un deles tras unha semana de investigación dilixente, é moi probábel que non sexa quen de manter as súas sínteses ao día” (Landow, 1995:26).

Bush propuña un sistema de organización baseado en dúas tecnoloxías existentes na época, a microfotografía e a lóxica electrónica. A súa proposta era o Memex (*MEMory Extension*), unha máquina composta por controis electromecánicos e cámaras e lectores de microfilmes. Nas súas palabras, “Un Memex é un dispositivo no que unha persoa garda os seus libros, arquivos e comunicacións, dotado de mecanismos que permiten a consulta con grande rapidez e flexibilidade. É un accesorio íntimo e ampliado de memoria” (Landow, 1995:27-28).

A súa visión resulta case profética, xa que a semellanza cos sistemas hipertextuais actuais é moi grande. Bush concibiu a escritura e a lectura coma un acto de creación non lineal, o salto constante dunha referencia a outra viña dándose en todos as lecturas. Un exemplo claro do que Bush falaba é a consulta dunha enciclopedia convencional, buscamos un termo e, cando achamos a súa definición, atopamos outro termo que precisamos buscar e ler para comprender o primeiro. O sistema multisecuencial, é dicir, non lineal, permite axilizar moito este cruce de datos e realizar unha busca máis eficiente.

El mesmo explica este concepto de multisecuencialidade do Memex: “Cando se unen numerosos artigos para formar un traxecto (...) é exactamente coma se se houbesen reunido artigos físicos dende fontes moi distantes, e se tivesen encadernado xuntos para formar un libro novo (...) vai incluso máis lonxe xa que cada artigo pode estar unido en numerosos traxectos á vez” (Landow, 1995:29).

O seu sistema permitiría saltar dun documento a outro de xeito rápido, coma ocorre hoxe en día cando fas clic enriba dun vínculo hipertextual.

O Memex ficou para sempre coma unha idea, xa que nunca chegou a materializarse, mais a súa importancia é capital para posteriores traballos, coma o de Ted Nelson.

- O proxecto Xanadú.

No ano 1965 prodúcese un feito clave, Theodor H. Nelson acuña o termo hipertexto, fixando así un nome para as ideas postas enriba da mesa por V. Bush. Dita expresión aparece no artigo *A File Structure for the complex, the changing and the indeterminate*²⁴. Refírese a un texto enlazado e que pode conter imaxes e sons. Introdúcese así o concepto multimedia.

Nelson ideou un sistema de interconexión de documentos electrónicos, O *Xanadu Project*, en referencia ao lugar mítico do *Kubla Khan* de S.T. Coleridge. Pretendía ser unha sorte de biblioteca de Alexandría.

Concebía Xanadu como a encarnación da Nova Esquerda e a fin do proxecto era un tanto romántica. Pretendía a construción dun sistema hipertextual que reunise toda a produción escrita existente, conectando os textos entre si. Os textos estarían almacenados en ordenadores particulares (no canto de estar en servidores) e dispoñíbeis para os usuarios por medio dunha dirección. Para referirse a este complexo sistema, Nelson empregou a palabra *docuverse*, contracción de *documental universe* (universo documental).

En 1998, Nelson liberou o código fonte de Xanadu converténdoo en Udanax e en 2007 saíu o novo proxecto baixo o nome de XanaduSpace 1.0.

As ideas de Nelson aparecen plasmadas nos seus libros *Computer Lib/Dream Machines* (1974) e *Literary Machines* (1981).

- NLS (oN-Line Sytem)

Douglas Engelbart desenvolveu durante os anos sesenta o NLS no marco do programa *Augmented Human Intellect* do SRI (*Stanford Research Institute*). A súa primeira demostración pública tivo lugar en decembro de 1968 en San Francisco.

O NLS estaba baseado nas ideas de V. Bush de trasladar ás computadoras os esquemas de asociación de ideas co que funciona a mente humana. Tratábase dun entorno gráfico que aplicaba os principios do hipertexto e que permitía indexar documentos. O seu principal atractivo era a presenza dun ou entorno de fiestras, precursor das GUI (*Graphics User Interface*), e dun entorno físico composto de pantalla, teclado, impresora e rato.

Tiña unha organización xerárquica de nodos e permitía ir saltando dun documento a outro mediante as diferentes pantallas, que podían aparecer nun entorno de fiestras múltiple, podendo ver varios documentos á vez. É moi interesante a posibilidade de colaboración en liña, xa que os usuarios conectados podía copiar os documentos almacenados. Tamén permitía a discusión entre os usuarios, pode ser visto coma unha precursora das wikis actuais.

Podemos considerar o NLS coma o primeiro sistema de hipertexto operativo. Ofrecía ademais sistema de correo electrónico e videoconferencia. No ano 1977 foi vendido a Tymshare e mudou o seu nome para Augment. Posteriormente foi adquirido por McDonnell Douglas.

Os primeiros hipertextos literarios.

Toda forma de comunicación acaba tendo a súa expresión literaria. Era cuestión de tempo que os avances propiciados pola tecnoloxía informática tivesen esa

expresión. O uso das novas tecnoloxías facilitou o traballo de creación literaria, os procesadores de texto, por poñer un exemplo, substituíron (salvo en contados casos) ás follas manuscritas. Porén, non é esa a única mudanza, aínda que si a máis visíbel. O aproveitamento dos recursos electrónicos traería os primeiros hipertextos literarios a finais dos anos oitenta.

Cando nos enfrontamos a unha narración hipertextual, temos varios problemas. A temporalidade, caracterización de personaxes e mesmo os acontecementos dependen da nosa escolla. Temos que ir situando os personaxes na trama e todo iso pode levar a un resultado caótico. O número de posibilidades é moi elevado e unha ou outra elección poden variar moito a historia. *Victory Garden*, de Stuart Moulthrop, conta con novecentas noventa e tres páxinas (ou pantallas) e máis de dous mil oitocentas ligazóns “Se unha boa novela tradicional quere enganchar ao lector até un final, o hipertexto ten como destino o ser abandonado en calquera momento” (Aarseth, E. [et al.] 2006:85)¹⁸. A idea de rizoma está moi presente na hiperficción.

Anxo Abuín en (2006) explica a función rizomática da linguaxe hipertextual en tanto que nela operan os principios de conexión e heteroxeneidade, o de multiplicidade, o de ruptura significativa e o principio de cartografía. Un rizoma non ten inicio nin fin. É dicir, o texto créase e pode ser modificado por un ou varios autores, enlazándose con outros textos, bifurcándose e estendéndose; creando así unha rede semellante ás raíces dunha árbore. O lector pode, dentro do extenso mapa que é a rede, saltar dun texto a outro case sen final. Tampouco o principio está claro, porque todo hipertexto pode ser referencia a outro, non está definida a orixe, créase unha estrutura circular na que os límites non están claros. “A literatura informática reinvéntase sempre a si mesma dende o punto de vista da lectura” (Abuín González, (2006:76). Nese sentido podemos entender os hipertextos literarios.

O hipertexto de ficción busca achar unha terceira dimensión no texto, afástase da linearidade e crea un texto liberado da rixidez espacial que impón o texto escrito, o lector participa activamente na construción do texto, na elección do camiño a

seguir dentro da maraña de enlaces. “(...) o valor do hipertexto residirá fóra da narración, nas novas posibilidades de combinacións das estruturas narrativas e espaciais e de colaboración intertextual, que desbancan completamente a noción de obra literaria como *obxecto* para substituíla pola de *contorno*” (Vilariño Picos, 2004:625).

O hipertexto acha o seu acomodo no ciberespazo¹⁹, xa que nel é onde se pode desenvolver con maior liberdade. O enorme número de interconexións posíbeis, o carácter multimedia e a posibilidade de colaboración en liña (creando así autorías múltiples), fai que Internet sexa o lugar axeitado para o desenvolvemento deste novo xénero literario²⁰. Ademais hai que ter en conta que o número potencial de lectores é infinitamente superior a calquera outro formato. O texto prodúcese nun lugar concreto (ou varios se é de autoría múltiple) e é recibido en milleiros de lugares distintos simultaneamente.

Así mesmo, as competencias e hábitos lectores han mudar por forza. O hipertexto esixe uns mecanismos de lectura e absorción da mesma diferentes aos da lectura de textos convencionais.

Habería que destacar a diferenza entre as dúas modalidades básicas de hiperficción, a explorativa, no que o lector elixe o camiño a seguir mediante os enlaces e a hiperficción construtiva²¹, que é un tipo de escritura colaborativa na que o lector-autor pode modificar o discurso.

Como dicía antes, as primeiras ficcións hipertextuais, tamén chamadas hipernarracións, xurdiron a fins dos anos oitenta. Michael Joyce foi o iniciador con *Afternoon, a story*, logo aparecerían outras coma *Victory Garden* de S. Moulthrop, *Patchwork Girl* de Shelley Jackson, *Marble Springs* de Deena Larsen, *Califa* de M.D. Coverley e *Of day, of night* de Megan Hayward entre outros.

- *Afternoon, a story*.

No ano 1990, a compañía Eastgate publica en disquete este hipertexto de Michael Joyce. A obra fora escrita en 1987 co programa de creación de hipertextos Storyspace, deseñado polo propio Joyce, John B. Smith e Jay David Bolter. De feito, *Afternoon* foi empregado nun primeiro momento como demostración do programa.

Di Landow que Joyce desconfía da conclusión. Non lle falta razón, xa que *Afternoon*, conta con cincocentas trinta e oito lexias e catro posíbeis finais. A historia vólvese circular, non progresa, o lector cansa e acaba por abandonar.

A historia comeza co accidente dun coche, os corpos deitados no chan poderían ser os dos fillos e a ex-muller do narrador. Non se detén e continúa o resto da obra dándolle voltas á posibilidade de que os seus fillos estivesen realmente mortos, removendo os recordos... Hai palabras sobre as que un pode facer clic para enlazar con outras pantallas. As palabras que conteñen ligazóns non aparecen resaltadas, polo que temos que intuír cal é a palabra (ou palabras) relevante e seguir a historia. “Non indiquei que palabras ceden, mais adoitan ser as que teñen textura, tal como os nomes de personaxes e pronomes (...) A falta de indicacións claras non é un intento de amolarte mais unha invitación a ler investigando ou xogando tamén en profundidade. preme as palabras que che interesen ou te chamen” (Pajares Tosca, 2005:34).

Estas palabras que enlazan con outras palabras, propoñen un tipo de narrativa moi diferente á convencional, na que o lector ten que tomar as decisións e é parte activa na construción da historia.

Os proto-hipertextos.

Antes da aparición das primeiras narracións hipertextuais, xa tiñamos indicios das posibilidades que estas ofrecen en obras “convencionais”. Poño esta palabra

entre aspas porque a propia forma das obras fai que non sexan convencionais nun senso estrito, porén, si que o son en canto ao formato. Un formato estático (a capacidade de enlazar textos dos formatos tradicionais é mínima) cunhas posibilidades de interacción por parte do lector moito máis reducidas.

Estes indicios poden vir dados na forma ou no contido.

En canto ao contido, hai que salientar os textos de William Gibson, sobre todo na chamada Triloxia do *sprawl*, que adiantan o uso da rede (o ciberespazo) para todo tipo de actividades, pero por riba de todo, os relatos de Jorge Luis Borges.

Teresa Vilariño observa que é fundamentalmente a partir das obras de Borges que se pode falar de proto-hipertextualidade para designar aquelas “obras “tradicionais” que adiantaban na súa concepción algunhas das propostas hipertextuais: ausencia de linearidade, fragmentación, o eu descentrado, historias multiformes e excluíntes, desenlaces múltiples ou participación por parte do lector bastante máis activa”. Borges dá mostras destas propostas hipertextuais nos relatos do seu libro *El jardín de senderos que se bifurcan* (1941), no que a idea de circularidade, enlace e bibliotecas infinitas está moi presente.

A proto-hipertextualidade simula ámbitos virtuais con mecanismos da narrativa tradicional. Algúns exemplos podemos atopalos nos relatos de Borges, en *The Life and Opinions of Tristram Shandy, Gentleman* (1759-67), de L. Sterne; *Pale Fire* (1962), de Nabokov; *Rayuela* (1963), de Julio Cortázar; *Se una notte d'inverno un viaggiatore* (1979) de Italo Calvino; *Dictionary of the Khazars* (1988), de Mirolav Pavic; *Terminal*, de Xelís de Toro e *La ley del amor* (1995), de Laura Esquivel entre outras moitas. Hai que destacar tamén as achegas do OULIPO, en especial de Raymond Queneau e o seu *Cent Mille Millions de Poèmes* (1961), un libro que permitía a combinación de estrofas mediante unhas lapelas móbiles creando miles de sonetos diferentes.

Tamén temos exemplos no cinema en filmes coma *Rashomon* (1950), de Akira Kurosawa; varios filmes de Resnais, certas películas de David Cronenberg, os

últimos traballos de David Lynch e *Memento* (2000), de Christopher Nolan; que articula un interesante xogo narrativo ao redor dos fallos da memoria, xogando coa multiplicidade de historias e personaxes nun discurso único.

Nos videoxogos, as narracións hipertextuais son frecuentes nos RPG's que basean parte do seu funcionamento nos diálogos e nas aventuras gráficas como a saga *Monkey Island* de Lucas Arts, na que o xogador ten que interactuar mediante diálogos para poder avanzar na historia.

- Un exemplo no sistema literario galego, *Terminal*.

Xelís de Toro artella en *Terminal* (1994) un interesante xogo lingüístico. A mestura de texto en distintas tipografías, fotografía, fotocomposición, colaxe, debuxo, tipogramas, banda deseñada... indícanos a vontade do autor de mesturar xéneros literarios, transgredíndoos e levándoos máis alá, por ese carácter multidisciplinar da obra que a achega ao multimedia.

As advertencias ao lector fanse explícitas e a intertextualidade é constante. A multitude de textos e imaxes sucédense vertixinosamente e en todas as direccións. Xelís de Toro racha co sentido tradicional de lectura de esquerda a dereita.

O fio narrativo é a terminal, onde se xuntan todas as historias, é o nó vertebrador da narración, a cal é fragmentaria. Obsérvese que a elección non é casual xa que a terminal lévanos ao tren e o tren á idea de movemento, de mudanza e de ruptura.

É un libro rompedor, único. Posibelmente a tentativa dentro do sistema literario galego máis próxima á hipertextualidade.

Na súa vocación de comunicación interdisciplinar, o propio autor levou ao cabo varias performances baseadas no libro ao pouco da súa publicación. Máis

recentemente, no ano 2007, reestreouse en Brighton por medio do grupo artístico Rough Company do que forma parte Xelís de Toro.

Outros usos de Internet en relación coa literatura. Conservación, difusión e estudo.

A dixitalización de textos xa escritos ten unha grande importancia, de feito son varios os autores que lle confiren unha importancia equiparábel á que no seu momento tivo a imprenta de Johannes Gutenberg.

O libro físico presenta unha serie de problemas que o electrónico emenda. Porén, isto non debe tomarse coma unha rivalidade entre libro físico e libro electrónico, xa que o que está en xogo non é a supervivencia dun soporte (que é ao fin o que é un libro), senón da información contida nel. Un libro é un obxecto que contén texto, e ese texto pode ser transvasado a outro soporte diferente que, como dicía antes, pode corrixir certas eivas. O libro electrónico non se destrúe, xa que se está na rede non ten unha única fonte, non consume papel, non se degrada pola humidade e o paso do tempo, pode corrixir doadamente os erros, tanto tipográficos coma de contido, permite un acceso á información máis rápido e organizado e ocupa un menor espazo físico entre outras cousas.

A edición electrónica e a circulación de textos en rede, facilita moito a consulta sobre todo se temos en conta os textos de carácter teórico. Para un investigador, ter acceso ás publicacións dende a súa computadora, aforraríalle horas de busca en distintos libros e revistas de diferentes bibliotecas. Abondaría navegar co rato polos diferentes contidos (asociados por temas) e buscar a información mediante un buscador convencional. Isto é o que tiña en mente Vannevar Bush cando ideou o Memex.

O Proxecto Gutenberg, busca en parte esta presenza na rede dos textos e, polo tanto, do coñecemento. Sendo accesíbel a todo o mundo sen restriccións.

O proxecto nace en 1971 cando Michael Hart, estudante da University of Illinois, envía por correo electrónico unha copia dixital da Declaración de Independencia dos Estados Unidos de América a través da rede Arpanet. Convértese así no primeiro texto do proxecto.

A finalidade do Proxecto Gutenberg é a de recompilar a maior cantidade de textos posíbeis creando así unha biblioteca virtual enorme. Os textos están exentos de copyright por renuncia dos seus propietarios, por non telo ou pola caducidade do mesmo. Recentemente atoparon problemas polos intentos de modificar a lei de copyright nos Estados Unidos, dificultando o labor dos milleiros de voluntarios que colaboran co proxecto.

Nun primeiro momento contaba con financiamento da universidade de Illinois, pero agora subsiste con doazóns de particulares e empresas. A día de hoxe, conta con máis de trinta mil libros en catálogo e outros cen mil en sitios asociados e colaboradores. os textos están dispoñíbeis en varios idiomas entre o que se atopa o galego, cunha soa obra; *Catecismo d'a doutrina labrega* de Valentín Lamas Carvajal

Un exemplo da utilidade da dixitalización para a conservación, a difusión e o estudo dos textos e The Oxford Cantigas de Santa María Database, creada en 2005.

Nesta base de datos, podemos consultar as cantigas, organizadas segundo a edición de W. Mettmann. Seguindo a indicación do primeiro verso, indícasenos a presenza ou ausencia de refrán, a métrica e a relación que poida ter con outra composición. Tamén hai un resumo do contido da composición. Do mesmo xeito ocorre coas miragres. Ofrece tamén a posibilidade de busca mediante temática e contén bibliografía ao respecto.

Google books (<http://books.google.com/>) tamén conta cunha extensa cantidade de textos para a súa consulta, se ben é certo que a maioría non están dispoñíbeis

na súa totalidade. A empresa chegou a acordos con diversas editoras e bibliotecas para dixitalizar os seus fondos editoriais.

As primeiras aplicacións no sistema literario galego.

No ámbito galego, o aproveitamento dos recursos que ofrece a rede foi de menos a máis, pero xa a mediados da década dos noventa do século pasado, comezaron a aparecer iniciativas. Vou dar conta delas na medida do posíbel, xa que nalgúns casos, foron proxectos que remataron por desaparecer e, polo tanto, difíciles de documentar.

Un dos proxectos que foi pioneiro, mais que non segue en activo foi a escolma que o Ilga pendurou na súa páxina dentro do dominio da USC. Nesta páxina creada en 1996, podíanse consultar diversos fragmentos de textos medievais coma os *Milagres de Santiago*, a *Crónica Troiana*, o *Libro de Tristán* e cancioneros profanos e relixiosos. Os textos eran meras transcricións dixitais que non aproveitaban as ferramentas hipertextuais.

No ano 1998, aparece o Proxecto Tomiño, creado por Camilo Regueiro dentro do proxecto Galego21.org, que hoxe non está operativo. Segundo os seus responsábeis, tería coma obxectivo “organizar o desenvolvemento, traducción e espallamento de programas informáticos en galego usando Internet como medio. Deste xeito pretendemos incidir na normalización efectiva do uso do galego no eido da informática” (Lucía Megías, 2002:92).

Tiña unha parte adicada á tradución de programas informáticos, pero a literatura tamén estaba moi presente. Contaba cunha biblioteca virtual con textos de autores cuxos dereitos xa caducaran, maioritariamente textos medievais. Funcionaba de xeito similar ao Proxecto Gutenberg, por medio de voluntarios. Os

textos eran tamén accesíbeis dende a páxina de Manuel Forcadela, *O ximnasio de Academo*.

Esta páxina de Manuel Forcadela, mantívose activa durante algún tempo, mais hoxe non é posíbel acceder a ela. Contiña artigos sobre crítica e teoría literarias así coma diversos textos, entre eles unha edición dixital de *De catro a catro* de Manoel Antonio. Tamén contaba cunha aplicación que mesturaba hendecasílabos dun corpus de diversos autores de diferentes épocas, creando novos poemas. Esta pode ser unha das primeiras tentativas de escrita automática da literatura galega.

Neste mesmo ano bota a andar o BILEGA, proxecto do Centro Ramón Piñeiro. Creada baixo a dirección de Francisco Gondar, BILEGA “é unha base de datos que contén información bibliográfica anotada sobre traballos de investigación ou de divulgación / opinión que se ocupan da lingua galega -de forma exclusiva ou parcial- nas diferentes fases do seu desenvolvemento histórico (incluídos os períodos de formación)”.

En 1999, Robert Bass e a compañía Teatro Bruto puñan en marcha unha web na que ademais de publicitar os seus espectáculos, contaban cunha “Editorial Virtual” por medio da cal podías acceder ao manifesto da compañía e a textos teatrais de Rafa Villar, Manuel Lourenzo, Xavier Picallo, Chus Pato e o propio Robert Bass.

O Batallón Literario da Costa da Morte tamén tivo a súa presenza na rede. Penduraban o boletín *Feros Corvos*, con textos dos compoñentes do grupo poético. A páxina está a día de hoxe bastante descoidada, pero é certo que case todos os seus compoñentes manteñen unha actividade forte na rede a través de blogs, páxinas persoais e outros proxectos web.

No ano 2000 chega unha novidade importante, Retagarda Edicións. Este efémero proxecto editorial editaba os seus textos en formato electrónico. As obras eran presentadas en disquete, o que abarataba o seu custo, pero que rematou tornándose contra deles, posto que o soporte foi rapidamente substituído polo

cd-rom. Publicaron tres obras: *O libro dos cans*, de Estevo Creus; *Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estévez e *Ícaro*, de Rafa Villar.

2. Ler en internet. Qué e cómo.

Autor individual vs. autor colectivo.

O concepto de autoría é un moi amplo e complexo obxecto de estudo por parte da crítica dende hai moito tempo e centro de moitos traballos de Foucault, Derrida ou Barthes; nos que a autoría ven supeditada ao texto. É dicir, se suprimimos a autonomía do texto, podemos destruír ao autor.

Non é a miña intención entrar na discusión sobre o que significa a autoría ou que é un autor, senón máis ben intentar describir os xeitos de escritura que operan en rede, centrándome nos modos de operar en relación a un texto. Referireime non só aos modos de producir un hipertexto, senón tamén ao xeito en que as redes sociais tecidas en Internet crean produtos de autoría colectiva no sentido máis simple da palabra, é dicir, varios autores aportando textos para un obxectivo común.

Landow fala de “reconfigurar ao autor”. Apunta que “O hipertexto crea un lector activo e ata entremetido (...) invade as prerrogativas do escritor, quitándolle algunhas para outorgársellas ao lector”. Amósase completamente seguro de que a rede axuda a erosión do autor e a súa perda de poder. A rede descentra a personalidade, convertendo ao autor nunha figura non central. É certo que o autor en internet é un concepto difuso. Por poñer un exemplo claro, remítome a algo tan común como pode ser hoxe en día un blogue ou bitácora.

Unha persoa pode manter un blogue ela soa ou con outras persoas. Se son varias as persoas que escriben nese texto común que é o contido do blogue, está claro que podemos falar de autoría múltiple ou cando menos de múltiples autores. Porén, unha única persoa que escribe anotacións no seu blogue, non ten por que

ser considerado autor único do mesmo, xa que as propias características do formato incitan á participación activa do lector, neste caso mediante os comentarios. Unha persoa allea pode inserir un comentario á entrada do, chamémoslle autor para simplificar, no blogue; polo que está colaborando na forma final do texto. Así, non sería tan doado falar dun único autor dese blogue ou bitácora. A participación prima sobre a autonomía do texto.

Esas anotacións a modo de comentarios, poden chegar a variar incluso o contido orixinal da entrada. Así pois, o mantedor do blogue pasa de ser un autor no sentido tradicional a ser un artellador ou iniciador dun texto.

A autoría tamén tende a ficcionalizarse ou polo menos a agocharse, xa que é común o uso de pseudónimos, *nicks* ou avatares. Estas modalidades poden derivar nunha sorte de anonimía autorial xa que resulta complicado ás veces achar a verdadeira identidade que hai tras a escrita dun blogue.

Existen outros mecanismos de creación en rede que tamén poñen en cuestión o papel do autor pola súa aleatoriedade, coma pode ser o *Gerador automático de poesía galega*, que está pendurado na web *aduaneiros sem fronteiras*. Esta aplicación mestura aleatoriamente preto de douscentos versos de diversos poemas da literatura galega dando coma resultado varios millóns de combinacións posíbeis. Trátase dunha aplicación con marcado sentido lúdico, pero o exemplo penso que é elocuente. Toca tamén o tema da desacralización do autor, xa que converte a escrita nun feito automático, realizado pola computadora sen necesidade dun acto creador individual. A propia proposta ía máis alá incitando aos internautas a xerar varios poemas e imprimilos até xuntar cincocentos versos para poder presentar o resultado final ao premio Esquíu.

Gonzalo Navaza apuntaba no *Congreso A Cultura no Século XXI*, que o “carácter aleatorio destes mecanismos de produción de textos poéticos pon en cuestión o papel do autor. Os seus produtos poden vincularse coas teorías estéticas que vindican o papel do azar na creación: a vella pretensión da escritura automática

sostida polas vangardas poéticas hai oitenta anos e a presenza dunha poética combinatoria (...) como procedemento de creación de mensaxes estéticas” .

Unha forma estendida na rede é a autoría colectiva. Voume centrar en dous modelos básicos: o blogue colectivo e a creación conxunta de textos.

O blogue colectivo difire do blogue persoal en que ese autor/artellador non é unha única persoa senón que son varias. Un grupo de persoas ten autorización para crear entradas no blogue, sendo así diferentes as fontes que inician o texto, xa que o factor lector/colaborador segue estando activo.

No caso galego, temos moitos casos de blogues colectivos, ben sexan de asociacións ou simplemente de xente con intereses comúns. Un deses proxectos pode ser Contasóns (<http://contasonhos.blogspot.com/>), no que varios blogueiros escribían anotacións sobre os seus soños. Outro exemplo é Elos (<http://copieicheisto.blogspot.com/>), que baseaba o seu funcionamento no xogo das palabras encadeadas. O blogueiro encargado de escribir unha nova entrada, tiña que partir da derradeira frase da entrada anterior, encadeando así os diferentes relatos por medio dun mecanismo sintáctico.

Outro proxecto dentro do contexto de blogues galego, denominado blogomillo, é Historias Eléctricas (<http://historiaselectricas.blogspot.com/>). Este é tamén un blogue de participación aberta no que se pretendía que as historias estivesen adaptadas ao medio dixital. Pretendía a creación de historias multimedia ou hipertextuais, aínda que o proxecto ficou algo apagado.

Probabelmente, o proxecto hipertextual máis completo e ambicioso é a Historia Interminábel do portal Ciberlingua.org. Trátase dunha historia que vai sendo escrita polos internautas que mandan pequenos fragmentos de texto que van sendo encadeados cos anteriores. É hipertextual porque logo de ler cada fragmento, tes a oportunidade de elixir un itinerario dependendo da acción que queiras que aconteza. Así, tes dúas posibilidades ao pasar de páxina en lugar dunha. Cada fragmento de texto aparece encabezado polo nome (habitualmente

un nick ou pseudónimo) e correo electrónico do responsábel das liñas de texto. É un proxecto que non remata nunca e que é aberto á participación, no momento en que chegas a unha páxina sen continuación, ti podes escribir a seguinte.

Internet é, por riba de todo, un poderoso medio de comunicación. Dentro da rede, funcionan uns mecanismos de interacción e comunicación que facilitan moito as relacións entre persoas. Xente que vive en lugares físicos moi apartados, pode ter unha comunicación e colaboración fluída por medio do correo electrónico, as redes sociais ou a mensaxería instantánea. Isto da lugar como veremos logo a un novo panorama nas relacións dos escritores cos lectores e das editoras cos autores, pero tamén favorece a creación de relacións literarias, ben entre autores ou entre lectores. Destas relacións poden saír produtos de creación colectiva que difiren do modelo dos blogs.

Un caso paradigmático atopámolo no libro colectivo *Proxecto Identidade* (2008). Este libro, editado en formato dixital e físico, reúne as historias, poemas, fotografías, debuxos e pinturas de varios blogueiros. A idea partiu de Inés Liste, responsábel do blogue Beliscos Pequenos (<http://beliscospequenos.blogspot.com/>), quen se puxo en contacto cos blogueiros que se achaban dentro da súa rede (as redes de blogs ou blogroll son a base do funcionamento dos mesmos, xa que tecen relacións de reciprocidade entre os escritores/lectores de blogs) para crear un libro que tivera coma punto de cohesión o tema da identidade.

Como vemos, o blogue é a ferramenta estándar de creación en rede. Isto ven motivado pola sinxeleza no seu uso, xa que calquera usuario sen demasiada experiencia no campo da informática pode crear un e verquer nel as súas creacións ou opinións. Veñen a ser unha sorte de cadernos de notas á vista de todo o mundo.

Vemos que Internet supón unha mudanza respecto ao tradicional modo de concibir a escrita, polos mecanismos propios da rede. A mudanza da concepción do autor, dos modos de produción de textos e da súa difusión, tamén fai

necesaria unha mudanza das licencias que protexen a autoría. O copyright deixa en moitos casos de ser unha forma válida para a creación e difusión e é onde entran en xogo outro tipo de modelos.

- As licencias libres.

Internet é unha nova plataforma para a creación e como tal, ten que adaptar algúns dos mecanismos tradicionais relacionados non só coa xestión da obra, senón coa súa difusión e protección.

Como dicía antes, o tradicional copyright non funciona como método de protección legal dun texto creado na rede. No momento que se procura a colaboración e a participación, modificando e/ou ampliando unha obra, o modelo tradicional de protección da propiedade intelectual fica obsoleto e non se presenta útil.

O copyleft pola contra, semella máis adaptábel a este tipo de obras xurdidas na rede. O seu nome xa nos dá a entender oposición a copyright. Este tipo de dereito de autor, non restrinxe a difusión ou a modificación dos arquivos, neste caso que nos ocupa, dos textos; permitindo así obras derivadas de outras nun contexto moi similar ao desenvolvemento de software libre.

Este tipo de licencias veñen derivadas das licencias de software⁴⁰, creadas para poder desenvolver programas e servizos sen as restricións que impoñen as patentes. As licencias máis populares na rede, e que comezan a espallarse por medios físicos, son as Creative Commons. Estas licencias confiren un dereito de propiedade intelectual ao creador da obra pero sen as restricións férreas do copyright. Hai varios tipos e enmárcanse dentro de máis de corenta xurisdicións en todo o mundo. Foron creadas en 2002 pola fundación que leva o mesmo nome, creada nos Estados Unidos un ano antes por Lawrence Lessig, especialista en ciberdereito. Están baseadas, como dicía antes, nas licencias de software, en particular da GPL da Free Software Foundation, que é o organismo que se

encarga de listar as licencias que se adaptan ao modelo de software libre. Foi creada por Richard Stallman en 1985.

Luís Rodríguez Moro define as licencias Creative Commons como “un sistema máis flexíbel de dereitos de propiedade intelectual a disposición dos autores, un sistema especialmente adaptado a moitas das novas formas de explotación das obras que xurdiron coa aparición de internet. O seu principal obxectivo é achegar unha serie de ferramentas a aqueles creadores que queren que terceiras persoas utilicen e/ou modifiquen a súa obra baixo determinadas condicións”. É por iso que nos blogues e páxinas de internet abundan este tipo de licencias como marca de protección da propiedade intelectual, xa que unha marca máis restritiva coma pode ser o copyright non permitiría a modificación ou a libre difusión que é o que se busca en moitos casos.

Existen varos tipos de licenza diferentes, atendendo á vontade do autor. Basicamente atinxen á autoría, garantindo a atribución ao autor orixinal da obra aínda que existan modificacións. Logo poden estenderse os permisos á modificación, creación de obras derivadas, uso para fins non comerciais, etc.

Podemos ver que a creación en internet adoptou polo tanto os modos e mecanismos do desenvolvemento primixenio de software. Non é difícil achar unha correlación entre o desenvolvemento de software libre por parte dos grupos das universidades americanas nos anos oitenta, con programadores interconectados que ían mellorando os programas coas súas achegas e descubertas persoais, e o xeito de creación literaria en rede na cal o autor ou autores (poderíamos falar mellor de iniciadores) están en contacto coas achegas, observacións e modificacións dos colaboradores ou lectores.

A rede como punto de encontro entre creador e receptor.

Antes falaba das posibilidades de interacción entre creadores e lectores na rede, esta interacción dáse mediante diversas ferramentas, as webs, as redes sociais, a mensaxería e os blogues.

Os blogues foron, e seguen a ser, unha ferramenta moi empregada para a difusión de ideas e proxectos e tamén para compartir impresións ou opinións artísticas, políticas, culturais, etc. Pero que é exactamente un blogue? Un blogue, blog, bitácora ou weblog é unha páxina web onde aparecen mensaxes ou anotacións ordenadas cronoloxicamente escritas por unha ou varias persoas. Estes espazos web tamén posúen instrumentos para a xerarquización dos seus contidos para facilitar así a lectura do texto buscado. Os blogues posibilitan un seguimento doado por parte dos lectores mediante un sistema chamado sindicación que permite que os novos textos aparezan ordenados e clasificados por autor nun programa empregado polo usuario que quere ler eses contidos. É posíbel incluso seguilos a través dos terminais móbiles.

Os blogues tamén xeran un tecido de contidos e relacións dentro da rede mediante o chamado blogroll, que é unha lista dos blogues que o autor recomenda. Así vanse creando vencellos de contidos ou temáticas afíns e posibilita o acercamento do lector, posto que a cantidade de información da rede é inabarcábel. Ese tecido de blogues galegos é coñecido co nome de blogomillo. Adoita considerarse o extinto blogue de María Yáñez (<http://todonada.blogsome.com/>) coma o primeiro chanto do fenómeno dos blogues en galego, que en dous mil cinco eran aproximadamente uns seiscentos; Manuel Gago fala da existencia de cinco mil cincocentos⁴³ blogues en galego na actualidade .

Moitos blogues ocúpanse de asuntos cotiás coma se dun diario se tratasen, outros analizan a actualidade, outros seguen unha liña temática, outros adícanse á creación literaria e outros mesturan un pouco todo o anterior. O escritor e xornalista Santiago Jaureguizar afirma que “Gran parte das bitácoras non me interesan moito. Son crónicas de vidas tan aburridas como a miña (...) Pero hai tamén algúns blogs que fan literatura no sentido máis puro do termo, e o caso

máis claro é As túas balas (astuasbalas.blogspot.com)”. Sen entrar a valorar a afirmación primeira, é ben certo que a existencia de blogues de marcada vontade literaria é innegábel. Incluso blogues que non se adican a asuntos literarios estritamente, inclúen pequenos textos de creación, opinións ou recensións de textos. Francisco Castro entende o blogue como un campo de probas para a súa narrativa e tamén coma un xeito de estar en contacto cos lectores e difundir os seus proxectos e actividades, “Creeina (a súa bitácora) como unha válvula de escape comunicativa. Pasara moitos anos escribindo artigos en prensa e cando iso rematou, precisaba seguir contando cousas (...) utilizo o meu blog non só para dar conta de actos literarios nos que participo senón, sobre todo, para participar nas redes sociais como Facebook ou Twitter. O blog é un mecanismo comunicativo e para o debate. Gústame propoñer temas a través do blog, para que funcione como un espazo de intercambio”⁴.

Os blogues foron pouco a pouco ocupando tempo á lectura tradicional, mais seguen sendo un xeito de lectura, é por iso que algunhas persoas, coma Xabier Cid, chegaron a considerar o blogue coma un xénero literario novo. Cid apunta que o blogue ten características formais e sociais propias que o diferencian doutros xéneros como a novela ou o teatro e destaca o carácter democratizador do medio xa que da entrada a autores que se movían na periferia. Este feito é moi discutido, xa que algúns sectores ven con receo a falta dun filtro que separe a produción na rede, deixándoa nun “todo vale”. De todos xeitos, pode ser visto tamén coma unha posibilidade de publicación para creadores que non conseguiron entrar no sistema literario, entendendo esta afirmación coma publicar en papel. De feito, coma veremos no seguinte capítulo, a publicación a través da rede foi o detonante para a publicación en papel (que segue a ter un status superior) ou a carta de presentación de novos e novas creadores/as.

Porén, a min cústame ver coma un xénero literario un blogue, xa que simplemente e un formato de publicación, coma pode ser un xornal, un libro ou un caderno. É posíbel que Cid refírase con “blogue” a “hipertexto”, que si que ten características formais propias e diferenciadoras. Un blogue é unha plataforma

que inclúe a posibilidade da hipertextualidade, pero aínda así, hai moitos blogues que publican textos nos que nada difire do que sería o seu equivalente en papel.

Un blogue, como veremos máis adiante pode ser unha boa forma de comunicación para un autor e un bo método de seguimento de determinadas obras ou actividades. Hoxe en día, case todo escritor ou escritora ten algún espazo en internet onde difundir os seus traballos ou polo menos dar conta da súa actividade diaria.

- Páxinas e blogues de autores. Promoción e comunicación.

Os blogues, webs e páxinas das redes sociais tornáronse un elemento case indispensábel a día de hoxe para os autores, é difícil atopar un escritor ou escritora que non posúa un espazo na rede. Ferramentas coma Blogger ou Blogaliza⁴⁵ no caso dos blogues e Facebook e Twitter no das redes sociais son algunhas das ferramentas máis empregadas.

Os servidores de vídeo como Youtube ou Blogaliza.tv, tamén serven para a difusión de eventos literarios. Por poñer un exemplo, os Premios Xerais 2009 foron retransmitidos mediante este sistema e seguen pendurados na rede ao dispor dos internautas. Tamén hai autores que empregan estes servizos para pendurar vídeos promocionais ou entrevistas.

Na creación de relacións entre creador e receptor, están cobrando especial relevancia as chamadas redes sociais. O exemplo paradigmático é Facebook, que conta con máis de douscentos cincuenta millóns de usuarios en todo o mundo e que no ámbito galego está a coller moita forza coa presenza de numerosos escritores, críticos e editores que entran en contacto con lectores ou xente interesada na cultura.

O uso masivo de Internet, fai que o público potencial sexa moi amplo e o formato dos blogues permite unha relación moi directa, aínda que virtual, con ese público.

Facer unha lista de todas as páxinas e blogues de autores sería un labor arqueolóxico tan arduo coma intranscendente, xa que no improbable caso de rematar unha lista completa, esta ficaría obsoleta á semana seguinte ao máis tardar e tería un tamaño case equiparábel ao de escritores e escritoras galegos. É por iso que vou acoutar o terreo e empregar unha pequena escolma a modo de exemplo dos diferentes modos de presenza na rede que un se pode atopar.

Un exemplo paradigmático pola aglomeración de recursos, e atípico ao tempo pola falta de casos similares, podería ser o recentemente estreado “domicilio virtual” de Fran Alonso⁴⁶. Nesta páxina o escritor e editor recolle todo o seu traballo espallado pola rede. Colaboracións en diarios dixitais, críticas, fichas de obras, vídeos, audios, textos, un enlace para o seu perfil de Facebook, o seguimento vía Twitter das súas aparicións públicas (coloquios, obradoiros, presentacións...), etc. A abundancia de material é enorme o cal chega a dificultar a navegación pola mesma. O autor bota man dos recursos multimedia para presentar nunha serie de vídeos as súas motivacións e inquietudes respecto da súa escrita e sobre os seus libros.

En palabras do propio Alonso, “É un gran portal web pero é humilde, xa que está deseñada por min, usando as redes sociais para priorizar contidos, facilitarlle á xente ter información sobre os meus libros e favorecer tamén a comunicación cos meus lectores”.

En xeral é un caso algo atípico, xa que coma veremos, a información tende a espallarse no canto de ficar concentrada nun único enderezo. O propio Fran Alonso mantén tamén un blogue ao que se pode acceder dende este mesmo dominio.

Casos máis modestos en canto á acumulación de información serían por exemplo o blogue de Marcos S. Calveiro que leva conta das novas e críticas da súa novela *Festina Lente* (2008). Neste blogue, o arousán publica as recensións, críticas e novas relacionadas coa súa novela. É polo tanto un medio de comunicación virtual para promocionar a súa obra física mais tamén é un punto de encontro, posto que os lectores poden engadir os comentarios que estimen oportunos. Calveiro tamén mantén outro blogue no que da conta de asuntos variados así coma das súas publicacións e colaboracións.

A promoción dos libros a través de blogues semella ir collendo forza e existen numerosos casos como poden ser os de Suso de Toro ou María Reimóndez entre outros, que naceron para promocionar o próximo libro aínda inédito e sen título do primeiro e a novela *Pirata* (2009) da segunda. O propio Suso de Toro presentara a súa derradeira novela *Home sen nome* (2006) aos internautas dende o seu blogue *Botelha ao mar* antes de faceren unha presentación física e ten en mente facer o mesmo coa novela na que se atopa traballando agora.

Aínda así, a temática deste tipo de páxinas adoita diluírse ou ficar paralizada. Semella que a promoción segue a ser un asunto pendente no noso sistema literario.

En xeral, a maioría dos escritores e escritoras adoitan mesturar nos seus blogues as noticias relacionadas coa literatura ou a política, co persoal e a promoción dos seus traballos e aparicións públicas. Santiago Jaureguizar afirma que emprega o seu blogue (cavaretvoltaire.blogspot.com) para "dar o meu punto de vista sobre o sistema literario galego, opinar sobre os libros que saen ou o que escriben outros autores. Falo de cousas que pasan en todo o mundo, aquilo que me interesa en xornais de fóra do país pero non só sobre literatura senón tamén arquitectura, música ou arte contemporánea".

En calquera caso, todas estas páxinas non van moito máis alá do que podería ofrecer un medio de comunicación tradicional, non tiran proveito de todos os recursos que fornece Internet. É moi difícil atopar autores que leven ao cabo un

traballo constante de promoción botando man das ferramentas que fornece a rede, aínda que coma veremos máis abaixo, o auxe das redes sociais permite un xeito de promoción áxil aínda que máis restrinxido en canto a público potencial.

Unha páxina que podería destacar en canto ao aproveitamento é a da poeta Yolanda Castaño (<http://www.yolandacastano.com/home.htm>). O seu recuncho do ciberespazo non é un blogue, aproxímase máis ao modelo de web corporativa dunha grande empresa ou dunha celebridade. Elaborada en Flash, mestura música, a súa propia voz, imaxes e debuxos da autora compostelá. Podemos acceder ao listado da súa obra e ver algunhas fotografías. Funciona coma un espazo promocional, é, podemos dicir, unha imaxe de marca.

- Complementos multimedia á obra física.

Xa vimos que Internet é moi empregada no sistema literario galego coma ferramenta de difusión e comunicación. No apartado de creación non é tan empregado. É certo que hai cousas moi interesantes como xa vimos e veremos máis adiante, pero agora quero centrarme no seu uso como complemento dunha obra tradicional, é dicir, un libro.

O emprego de novas tecnoloxías como complemento de libros non é nada novo, os audiolibros tiveron o seu momento de éxito nos anos oitenta e moitos libros, sobre todo de carácter didáctico ou enciclopédico, achegaban un cd-rom interactivo con contidos adicionais.

Internet pode encher ese campo do cd-rom, canto máis hoxe en día, en que os soportes físicos van perdendo forza en favor dos contidos on-line. Varios foron os autores que botaron man da rede para complementar o seu traballo, pero vou tomar dous exemplos que penso que ilustran dous modos moi diferentes de utilización das ferramentas dixitais.

O primeiro autor ao que me quero achegar é Manuel Lourenzo González, autor do libro *O xardín das pedras flotantes* (2008), que pendurou na rede un blogue que garda unha relación moi particular coa novela.

En *Batume* (<http://batume.blogspot.com/>), o autor da novela propón un interesante xogo para os lectores. Inclúe historias relacionadas dalgún xeito coas historias tecidas na novela e invita ao lector a participar enviando textos, El mesmo explica no blogue “En *O Xardín das Pedras Flotantes* suxírense múltiples historias que nin empezan nin acaban, simplemente discorren, e que dan pé a que sexan completadas ou continuadas ou dalgunha maneira imaxinadas por calquera persoa.

Nestas páxinas efémeras atoparedes algunhas desas historias, mais pequenos textos, imaxes e outros materiais, propios e alleos, que poderían estar no Xardín, pois forman parte del, pero que viñeron dar aquí por algún deses azares que tecen o noso diario navegar.

Vós tamén podedes aportar as vosas creacións, pois son para o Xardín onde todos acabaremos por vivir. Se inventades algunha historia relacionada coas historias do Xardín e queredes que figure entre estas que se amosan, xa sabedes o mecanismo: escribir e enviar”.

Deste xeito, o autor non só crea unha comunicación directa co lector, senón que o fai partícipe da obra, mediante un mecanismo de inmersión máis forte aínda ca o da lectura.

O outro autor que achega un interesante traballo en rede en relación coa súa derradeira novela é Xelís de Toro, que abriu unha páxina dentro do seu dominio laboratoro.net adicada a *Rioféro* (2009).

Neste espazo, atopamos o máis diverso contido multimedia. A páxina está presidida por un vídeo no que Xelís explica un pouco a xeración da novela, as motivacións e a súa ausencia do mundo editorial durante os anos anteriores. Tamén hai un blogue no que fala sobre a novela e sobre as referencias a ela na

prensa e outros medios. O máis interesante dende o punto de vista de complementariedade ao libro, pode ser a presenza de oito arquivos sonoros que conteñen música para acompañar ou complementar a lectura. Os temas musicais tamén poden ser descargados de balde no *netlabel* A regueifa plataforma.

Tamén cumpre coa función de promoción xa que permite ler o primeiro capítulo da novela e ten un enlace para mercala.

No mesmo dominio (laboratoro.net), o autor compostelán tamén ten pendurados textos, artigos e outros traballos multimedia.

- Presenza da literatura nas redes sociais.

As redes sociais coma Facebook ou Twitter posúen unha vantaxe enorme respecto aos blogs en canto á difusión que é a economía lingüística e a inmediatez na comunicación co receptor, mais adoecen de ter un público máis restrinxido xa que para coñecer as anotacións dos e das autores/as é preciso estar na súa lista de contactos.

A rede Facebook artéllase ao redor dun sistema mediante o cal cada usuario crea un perfil no que anota os seus intereses e opinións e traba amizade con outros usuarios. Concibida coma unha rede para facer amigos ou buscar relacións de parella, móstrase coma unha ferramenta moi útil para as relacións socio-literarias nun sistema coma o galego no que hai tres grandes centros culturais e numerosos núcleos de poboación nos que os seus habitantes fican, dalgún modo, á marxe dos acontecementos e novidades literarias. A posibilidade de interactuar con autores achega ao público sen precisar estar en Compostela, Vigo ou A Coruña.

É un medio que tamén favorece a intermedialidade xa que serve para poñer en contacto creadores de diferentes campos e posibilita o xurdir de obras colectivas, así coma o diálogo entre os diferentes actores do campo literario, creador, lector, editor e crítico.

Son moitos os autores, editores, críticos, profesores e, por suposto, lectores que xa se atopan interconectados mediante estas redes. As editoras tampouco se manteñen ao marxe e teñen páxinas onde os lectores poden participar en enquisas ou concursos, coma unha enquisa que a editorial Xerais realizou dende a súa páxina de Facebook sobre a necesidade ou non de introducir cambios no seu deseño editorial.

É nestas redes onde a relación entre autor e lector é máis estreita, xa que supón o intercambio directo de impresións e permite a conversa mediante un chat. Así, o produtor e o receptor poden establecer contacto directo sen intermediarios e sen necesidade de estar no mesmo lugar.

Twitter funciona á vez coma micro-blogue (xa que non permite entradas de máis de cento corenta caracteres) e coma rede social. Hai varios autores que publican anotacións pequenas sobre as súas actividades cotiás ou literarias. Noutros idiomas hai tentativas de escrita de novelas vía Twitter, que sería o máis parecido á escrita de novelas vía sms dende un terminal móbil, mais non achei ningunha tentativa similar no ámbito galego.

Difusión e catalogación.

Se ben as webs, blogues e redes sociais permitían unha difusión da obra por parte do autor, non hai que deixar apartadas aquelas webs (maioritariamente institucionais) que se adican á difusión da literatura galega, ben sexa con novas editoriais ou catálogos ou compilacións de obras e autores. Son elementos moi importantes de cara á visibilidade da literatura e poden ser unha referencia importante para a difusión e o achegamento ao lector.

Falarei brevemente sobre algunhas destas páxinas e sobre os catálogos e bibliotecas virtuais.

Unha das páxinas máis importantes en canto á difusión é Culturagalega.org. Esta web depende do Consello da Cultura Galega e está dirixida por Manuel Gago. No seu apartado de literatura (<http://www.culturagalega.org/lg3/>) podemos atopar moita información respecto a autores, novidades editoriais, críticas, certames... Hai numerosas ligazóns que nos permiten coñecer un pouco o que está a pasar no mundo literario, conta cunha axenda de actividades e actos relacionados coa literatura. Tamén conta cunha pequena biblioteca virtual na cal o usuario pode descargar en pdf varios libros, vinte e seis para seren exactos, libremente.

Outra páxina adicada á difusión da literatura é Praza das Letras (<http://prazadasletras.org/>), posta en marcha pola Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. Esta web conta cun deseño semellante ao de lg3, pero ten unha vocación de revista, de feito hai unha edición en formato revista que se reparte de xeito gratuíto por diferentes puntos do país e que tamén se pode descargar en pdf na propia páxina³².

No propio sitio atopamos esta definición: “Praza das Letras é un proxecto pensado para conter e dinamizar o coñecemento do noso discurso literario, crítico e documental e como fornecedor dun espazo que integre isto coa industria editorial que lle dá soporte”.

Praza das letras conta con entrevistas, axenda dos actos máis relevantes, ligazóns, un índice de autores/as, novidades editoriais, editoras... Céntrase sobre todo na difusión e presta moita atención ao libro infantil e xuvenil, non hai que esquecer o seu carácter institucional que intenta dar conta da lei do libro e cumprir coa difusión literaria e promoción da lectura.

A páxina web da Asociación de Escritores en Lingua Galega (<http://www.aelg.org/>), amósase coma unha boa ferramenta para achegarse aos autores e á súa creación a través da rede. Contén fichas de todos os membros asociados nas que ademais da pertinente bio-bibliografía, podemos atopar textos

on-line e vídeos de presentación. Ademais desta promoción lóxica dos socios, atopamos unha serie de recursos moi útiles.

Un deles, o máis interesante para o tema que nos ocupa, é o espazo “literatura en rede”, no que se facilita unha lista dos espazos en Internet dos diferentes membros. É un xeito doado de chegar aos blogues, páxinas de hosting de imaxe e vídeo coma Flickr, webs persoais... Esta lista actúa coma un filtro ante a arañeira que supón o blogomillo e permite chegar ao espazo do autor que queremos sen precisar seguir as ligazóns dos blogues e confiar na nosa intuición para descifrar quen é o autor que se agocha tras determinado pseudónimo.

Outro apartado moi interesante e que aproveita os recursos multimedia é a sección Polafías (<http://www.aelg.org/Polafias/MainPage.do>), que se ocupa de recuperar a literatura de tradición oral recollendo gravacións. En relación con isto, tería que facer mención á web Galicia Encantada (<http://www.galiciaencantada.com/>), coordinada por Antonio Reigosa e que ten coma obxectivo compilar as lendas e contos fantásticos tradicionais, moitas das cales son achegadas polos internautas.

Tamén conta cunha sección de crítica e cunha axenda de actividades relacionadas cos socios.

No tocante ás bibliotecas virtuais hai que facer unha observación como ben apunta Henrique Neira, e é a diferenciación entre biblioteca dixital (a que está en soportes físicos) e virtual (aquela que está na rede). A todo isto, hai que engadir as vantaxes que unha biblioteca virtual ten sobre unha biblioteca convencional. A virtual sempre está ao dispor do usuario (salvo erros técnicos), son accesíbeis dende calquera punto do mapa con conexión a internet, os volumes contidos nela ocupan espazo en disco mais non espazo físico, aforran papel, non se deterioran e poden ser consultados ao mesmo tempo por varios usuarios³⁴.

Algunhas das bibliotecas virtuais máis importantes de Galiza son a Biblioteca dixital de Galicia (<http://www.csbg.org/bibliotecadixital/asp/index.asp>),

dependente da Consellería de Cultura e Deporte e a Biblioteca Virtual Galega (<http://www.bvg.udc.es/>), froito do traballo das facultades de filoloxía e informática da Universidade da Coruña.

O Centro Ramón Piñeiro (<http://www.cirp.es/>) ten a disposición dos usuarios rexistrados o MedDB, o Corga, o Codolga, o Birmed, o DiTerLi e o Bilega. En culturagalega.org, no seu soportal de literatura Lg3, temos máis de douscentos documentos dispoñíbeis para a súa consulta. O Instituto da Lingua Galega (ILGa), tamén ten os seus propios catálogos que permiten a consulta de parte dos textos: O Tesouro Informatizado da Lingua Galega e o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega. No caso do TMILGA, a consulta restrínxese á presenza de palabras en determinadas obras e á súa datación.

Outra web que tamén nos achega algunhas obras dixitalizadas é a páxina da Real Academia da Lingua Galega (<http://www.realacademiagalega.org/>). Nela atopamos a posibilidade de consultar a hemeroteca, o catálogo virtual da biblioteca, as publicacións propias (algunhas das cales podemos descargar en formato dixital) e a propia biblioteca virtual que conta con tan só vinte e cinco obras dixitalizadas.

Os catálogos virtuais tamén cumpren unha función importante, sen ir máis lonxe, o catálogo virtual da BUSC (Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela), contén información de todos os volumes tanto físicos como electrónicos que se atopan almacenados nos fondos das diferentes bibliotecas da universidade. Outro catálogo virtual de importancia é o da Rede de Bibliotecas de Galicia (<http://www.rbgalicia.org/>), que permite a consulta dos fondos de todas as bibliotecas integradas na rede, aí coma outros servizos á comunidade lectora.

O Proxecto Meiga (<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Portada.aspx>) é unha aplicación de xestión de bibliotecas que naceu no ano 1997 da man do Centro Superior Bibliográfico de Galicia e que ademais permite “ve-la portada dun libro a consultar, escoitar un tema dun CD de música, ver un trailer dunha película, ler comentarios sobre un rexistro ou simplemente leer libros electrónicos en línea”.